Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Nacidas (Responso para os animais)

(*Coa cota dun coitelo facer cruces no animal, ao tempo que se vai dicindo a oración*)

Couto collo con ferro e aceiro,

quítocho dos ósos e bótocho na carne,

e quítocho da carne e bótocho no coiro,

e quítocho do coiro e bótocho no pelo

e quítocho do pelo e bótocho no ferro,

e o ferro cravalo no chao.

Con perdón de Dios e da Virgen María,

un padrenuestro e unha Ave María.

(*Repetilo tres veces*)

Recollido de Dolores Sánchez Sánchez, nacida en Barallobre, Carballo, concello de Friol (Lugo) en 1914 e falecida en Lugo en 2011. Exerceu de menciñeira moitos anos, e foi moi recoñecida en toda a bisbarra, en especial pola súa man e pola eficacia do responso contra as nacidas do gando tanto na xente como nos animais.

Chámase nacidas (carbunco, lobado) a unha enfermdiade infecciosa provocada polo *bacillus anthracis* que padece o gando vacún e ovino. Esta doenza pódese transmitir aos humanos que teñen contacto con animais enfermos.